

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE PALAS DE REI E A ENTIDADE HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES PARA A APERTURA E VISITAS PÚBLICAS AO CASTELO DE PAMBRE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co concello de Palas de Rei e a entidade Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o concello de Palas de Rei e a entidade Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres para a xestión da apertura e visitas públicas ao Castelo de Pambre.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O castelo de Pambre erixiuse a finais do século XIV. En 1484 pasa a ser propiedade dos Condes de Monterrei como fielato con funcións militares de custodia do Camiño de Santiago e cobro de portazgos. Co tempo, a estabilidade interna de Galicia dentro do conxuntos dos reinos de España e a decadencia do Camiño de Santiago trala reforma protestante do centro e norte de Europa fan que a súa función acabe derivando en núcleo de produción agropecuaria das terras vinculadas á propiedade da fortaleza na comarca lucense de A Ulloa. En 1702 descríbese xa a ruína da construción principal.



A mediados do século XIX o Duque de Alba cede a súa propiedade á familia Moreiras, D. Manuel García Blanco Catedrático e membro da Real Academia Galega e da Real academia da Historia reivindicou en numerosas ocasións a súa revaloración. Máis adiante vendeu a fortaleza a D. Manuel Taboada Fernández que a cerrou deixándoa arruinarse e acabando coa produción agropecuaria. No ano 2009 por disposición testamentaria pasa a ser propiedade dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres. A fortaleza é un dos poucos exemplos de arquitectura militar do medievo galego que se conservou e sobreviviu á Revolta Irmandiña.

Segundo.- A entidade Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres é a actual propietaria do castelo de Pambre, que se atopa baixo a protección do Estado en virtude do Decreto de 22.04.1949 sobre protección dos castelos españois.

De acordo coa Disposición adicional 2ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español os bens incluídos no referido decreto pasaron a considerarse Bens de Interese Cultural (BIC) e sometidos ao réxime previsto na citada Lei.

Actualmente e de acordo co establecido no artigo 12 da citada lei, o Castelo de Pambre está inscrito no Rexistro de BIC dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte coa categoría de “Monumento”.

A Disposición adicional primeira da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, dispón que “todos aqueles bens mobles e inmoables sitos no ámbito territorial da Comunidade de Galicia que fosen declarados de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desta Lei pasarán a ter a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes”.

Terceiro.- A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Pola súa banda, o artigo 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, dispón que “os concellos cooperarán cos Organismos competentes para a execución desta Lei na conservación e custodia do Patrimonio Histórico Español comprendido no seu termo municipal, adoptando as medidas oportunas para evitar o seu deterioro, perda ou destrución. Notificarán á Administración competente calquera ameaza, dano ou perturbación das súa función social que tales bens sufran, así como as dificultades e necesidades que teñan para o cuidado destes bens. Exercerán asimismo as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude esta Lei”.



Cuarto.- En virtude o artigo 13.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, os propietarios de bens de interese cultural estarán obrigados a permitir a súa visita pública, nas condicións de gratuidade que se determinen regulamentariamente, ao menos catro días ao mes, en días e horas previamente sinalados.

Así mesmo, o artigo 26.3 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, establece entre as obrigas do propietario a de facilitar a visita pública nas condicións que se determinen, que en todo caso será gratuítas durante catro días ao mes, en días e horario prefixado.

Quinto.- As partes asinantes deste convenio están interesadas en colaborar para o mantemento da apertura e visitas públicas do Castelo de Pambre, por ser un BIC e un atractivo turístico de primeira orde na Comunidade Autónoma de Galicia, o que incide na promoción e potenciación do Camiño de Santiago e do Turismo en Galicia.

A través deste convenio, outórgase ao Concello de Palas de Rei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

